

## **ANÁLISE DOS INQUÉRITOS ELABORADOS POLA CIG- ENSINO E A AS-PG SOBRE O CUMPRIMENTO DO DECRETO 247/95 NOS CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO NON UNIVERSITÁRIO DE GALIZA**

A Confederación Intersindical Galega do Ensino (CIG-Ensino) e a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (AS-PG) realizamos un cuestionário nos centros públicos de Galiza no ensino non universitário para coñecermos o estado actual da normalización lingüística, nomeadamente o cumprimento do Decreto 247/95, que establece as materias que é obrigatorio impartir no noso idioma.

O cuestionário que achegamos foi cuberto por 100 centros que imparten Infantil e Primária, por 34 que imparten Infantil, Primária e ESO e por 127 que imparten ESO e ESPO, en total 261. Estes centros teñen matriculados/as 101.672 alumnos/as, representan a 4.611 unidades e neles imparten clase 9.715 profesores/as.

DAS RESPOSTAS DADAS POLOS CENTROS DESPRENDE-SE:

### **ENSINO OBRIGATORIO**

#### **INFANTIL E 1º CICLO DE PRIMARIA**

Nestes niveis educativos procesaron-se os datos de 759 unidades cun total de 11.168 alumnos/as, correspondentes a 130 centros.

O 53,5% dos centros ten como lingua predominante o galego e só o 17,8% imparte as aulas en galego.

O 91,5% dos centros que imparten Infantil e 1º ciclo de Primária e nos que o idioma habitual do alunado é o galego, non cumpren o Decreto, que establece que nestes niveis educativos "usarán na clase a lingua materna predominante entre o alunado". É dicir, somente asumen na práctica esta normativa o 8,5% deses centros.

Se catalogamos os centros en rural, semi-rural e urbano, observamos que nas aulas dos centros semi-rurais e urbanos, que declaran que o alunado ten como idioma habitual o galego, en nengun se cumpre o Decreto.

O 29,6% do alunado de Infantil e Primária dos centros urbanos non recibe nengunha ou menos de 5 horas en lingua galega á semana. O 27,9% do alunado

de Infantil e Primária non recibe nengunha ou menos de 5 horas en lingua galega á semana e eleva-se ao 52,9% nos centros dos núcleos urbanos. En Infantil esta porcentaxe chega ao 35,2%.

## **2º E 3º CICLOS DE PRIMÁRIA**

Nestes ciclos procesaron-se os datos de 787 unidades cun total de 13.869 alumnos/as, correspondentes a 129 centros.

É nestes niveis educativos nos que máis se cumpre a normativa de impartición das aulas en galego. Aínda así, o 21,3% dos centros non cumpre o Decreto de mínimos. Este incumprimento alcanza o 32,2% dos centros ubicados nos núcleos urbanos.

As provincias nas que menos se cumpre son as da Coruña e Pontevedra, cun 25,8% e un 21,5%, respectivamente.

Nos centros que incumpren o Decreto, o 71,4% imparte en castelán o Coñecemento do Médio. É dicir, unicamente un 28,6% imparte esta materia en galego.

Naqueles centros que imparten en galego os mínimos exixidos, a parte de impartir o Coñecemento do Médio, declaran impartir en galego: Matemáticas o 60,6%; Relixión o 64,4%; Educación Física o 71,2%; Música o 79,1% e Língua Extranxeira o 42,0%. Como podemos observar, a maioría opta polas materias que teñen menos carga lectiva (Música, Educación Física ou Relixión).

## **EDUCACIÓN SECUNDÁRIA OBRIGATORIA (E.S.O.)**

Nesta etapa educativa procesaron-se os datos de 1.693 unidades cun total de 40.339 alumnos/as, correspondentes a 156 centros.

Aínda que o Decreto impón que ademais de impartir en galego as Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza, ten-se que impartir a optativa que oferte o centro máis as Ciencias Medioambientais e da Saúde, consideramos que aqueles centros que imparten en galego calquera das optativas ofertadas, se ademais imparten as Ciencias Sociais e Ciencias da Natureza en galego cumpren o Decreto.

Tendo en conta os parámetros anteriores, sómente o 22,9% dos centros cumpren o estipulado na normativa actual, fronte ao 77,1% que non o fan. Nos centros urbanos, sómente supón o 7,1% os centros que respentan o Decreto.

Nos centros nos que non se imparten tanto as Ciencias Sociais como as Ciencias da Natureza na súa totalidade en lingua galega (incumpren, polo tanto

o Decreto) observamos que: o 47,7% dos centros imparten as Ciencias Sociais en galego, o 30,6% as Ciencias da Natureza, unha das optativas no 5,2% e a outra optativa nun 8,5%.

Nos centros nos que se cumpre co establecido legalmente para a normalización lingüística, a parte de impartir o 100% en galego as Ciencias Sociais e as Ciencias Naturais, imparten-se en galego unha das optativas no 53,1% e a outra optativa no 92,6%.

Canto máis urbano é o centro, menor é a normalización lingüística. Nos centros rurais, o 59,3% non cumpren os mínimos establecidos. Esta porcentaxe acada o 87,2% nos centros semi-rurais, chegando ao 92,9% nos centros ubicados nos núcleos urbanos.

As materias que no Decreto veñen determinadas como de obrigada impartición en lingua galega acadan unha porcentaxe moito máis alta de cumprimento que as que están sen definir. Así, as Ciencias Sociais imparten-se en galego no 81,6% das unidades. Nos centros das cidades só supón o 64,9%. As Ciencias da Natureza imparten-se en lingua galega no 75,5% das unidades, mentres esta porcentaxe se ve rebaxada ao 58,8% nos centros urbanos.

## **ENSINO POST-OBRIGATORIO**

### **BACHARELATO**

Nesta etapa procesaron-se os datos de 394 unidades cun total de 10.256 alumnos/as, correspondentes a 96 centros.

Por moi sorprendente que pareza, somente o 12,5% dos centros cumpren o Decreto 247/95, fronte ao 87,5% que non o fan. Esta porcentaxe, nos centros ubicados nos núcleos urbanos alcanza o 96,8% de incumprimento, fronte ao 3,2% dos centros que o cumpren. A cota de cumprimento incrementa-se moi moderadamente nos centros semi-rurais (18,9%) e rurais (14,3%). É dicer, o 85,7% dos centros ubicados no rural, o 81,1% dos centros de núcleos semi-rurais e o 96,8% dos urbanos non cumpren a normativa en materia de normalización.

O incumprimento estende-se de forma semellante polos centros das catro provincias (76,9% en Lugo, 85,7% en Ourense, 89,2% en Pontevedra e 89,7% na Coruña). Somente Lugo acada unha cota de cumprimento un pouco maior (23,1%) fronte ao 14% de Ourense, 10,8% de Pontevedra e 10,3% da Coruña.

Analizando por separado 1º e 2º de Bacharelato, xa que 2º non está xeneralizado neste ano académico, podemos observar que no 1º curso

incumpren o decreto o 87,5% dos centros. No 2º curso reduce-se aínda máis a porcentaxe de impartición en lingua galega, pois só o 9,7% dos centros cumpren o Decreto. É dicir, o 90,3% non cumpren coa obriga de impartir todas as materias prescritas en galego.

En 1º de Bacharelato os centros que declaran impartir en galego as materias de obrigado cumprimento son: o 45,1% dos centros imparte Filosofía; o 46,8% Ética e Filosofía do Dereito; o 54,7% Bioloxía e Xeoloxía; o 63% Tecnoloxía Industrial I; o 54,3% Historia do Mundo Contemporáneo; o 47,1% Debuxo Técnico.

No 2º curso, os centros que declaran impartir en galego as materias de obrigado cumprimento son: o 72,4% dos centros imparten Historia; o 84,2% Historia e Xeografía de Galiza; o 50% Introducción ás Ciencias Políticas e Sociais; o 41,7% Debuxo Técnico; o 65,2% Ciencias da Terra e Medioambientais; o 50% Tecnoloxía Industrial II; o 60,9% Historia da Filosofía; o 58,3% Historia da Arte e o 78,3% Xeografía.

### **CURSO DE ORIENTACIÓN UNIVERSITÁRIA**

Neste curso procesáronse os datos de 227 unidades cun total de 7.160 alumnos/as, correspondentes a 58 centros.

Dos centros que imparten COU, o 70,4% incumpren a normativa actual en materia de normalización lingüística, xa que, ou ben non imparten en lingua galega as materias establecidas ou ben non teñen o libro de texto en galego ou incumpren as dúas á vez.

É dicir, só o 29,6% dos centros que imparten COU cumpre o Decreto 247/95. Se temos en conta o medio (rural, semi-rural e urbano) podemos observar que o incumprimento é moito maior nos centros urbanos. Mentres nos centros ubicados no rural, incúmrese nun 42,9% (o 35,7% non imparte en galego as aulas de obrigada impartición e o 36,4% non ten libro de texto en galego), nos semi-rurais son un 70,6% os que non cumpren. . No 87,0% dos centros urbanos non se cumpre o Decreto (o 73,9% non imparte as aulas establecidas en lingua galega e o 72,2% non ten o libro en lingua galega).

Desprende-se dos datos facilitados polos centros que, en xeral, o material ou libro de texto está en español nunha porcentaxe máis alta que o incumprimento do Decreto por non impartir as materias en galego.

Chama a atención que, aínda que o incumprimento é xeneralizado en todo o país, son aquelas provincias máis povoadas e "urbanas" as que mostran unha maior porcentaxe de incumprimento: A Coruña, co 65,4% e Pontevedra co 85,7%.

O Decreto 247/95 impón a obrigada impartición en galego de dúas materias entre as seguintes: Matemáticas, Filosofía, Física e Historia do Mundo Contemporáneo. Declaran impartir en galego o 32% dos centros a Historia da Filosofía, o 23,5% as Matemáticas, o 32,7% a Física e Química e o 53,2% a Historia do Mundo Contemporáneo.

## **FORMACIÓN PROFESIONAL**

### **FORMACIÓN PROFESIONAL 2º GRAO**

Neste nivel educativo procesaron-se os datos de 129 unidades cun total de 3.054 alumnos/as, correspondentes a 30 centros.

O 69,0% dos centros que imparten este nivel educativo non cumpren o Decreto 247/95.

Este incumprimento vén dado porque no 48,3% dos centros non se imparten en galego as materias establecidas e porque nun 85,0% os libros ou materiais destas áreas non están en galego.

Nos centros urbanos, o incumprimento acada o 71,8%, fronte ao 57,1% dos centros rurais.

### **CICLOS FORMATIVOS**

Nesta etapa educativa procesaron-se os datos de 227 unidades cun total de 4.442 alumnos/as, correspondentes a 46 centros.

O criterio seguido nesta etapa, ao non estar fixado no Decreto os módulos que se deben impartir en lingua galega, foi o de establecer unha ratio tanto polos módulos que se imparten en galego respecto ao total, como polo nº de horas en galego respecto á carga lectiva total, resultando que:

- No 12,3% dos ciclos formativos nengun módulo se imparte en lingua galega.
- No 26,9% dos ciclos imparte-se menos do 25% dos módulos en galego.
- No 63,2% dos ciclos imparte-se menos da metade dos módulos en galego.

Considerando a ratio de carga horaria impartida en galego:

- No 7,0% dos centros non se imparte nada en lingua galega.
- No 30,3% dos centros imparte-se menos do 25% da carga lectiva en galego.
- No 58,2% dos centros imparte-se menos do 50% das clases en galego.

Somente en 5 familias profesionais, dun total de 22, hai algun ciclo formativo no que se imparte en galego máis do 50% dos módulos (Actividades Agrarias, Fabricación Mecánica, Industria Alimentaria, Mantemento de Veículos, Automoción e Mantemento de Servizos á Producción).



Hai familias profesionais como son Química, Sanidade e Servicios Socioculturais e á Comunidade, que nen sequer alcanzan o 14% do ensino en galego.

## CONCLUSIÓNS:

**No ensino Infantil e 1º ciclo de Primária.** O 91,5% dos centros que imparten Infantil e 1º ciclo de Primária e nos que o idioma habitual do alunado é o galego non cumpren o Decreto. O 53,5% dos centros ten como lingua predominante o galego e só o 17,8% imparte as aulas en galego.

**2º e 3º ciclos de Primária.** O 21,3% dos centros non cumpre o Decreto de mínimos.

**Educación Secundaria Obrigatoria.** O 77,1% dos centros non cumpren o estipulado na normativa actual, fronte ao 22,9% que si o cumpren.

**Bacharelato.** O 87,5% dos centros non cumpren o Decreto 247/95, fronte ao 12,5% que si o fan.

**Curso de Orientación Universitaria.** Dos centros que imparten COU, o 70,4% incumpren a normativa actual en materia de normalización lingüística.

**Formación Profesional 2º grao.** O 69,0% dos centros que imparten este nivel educativo non cumpren o Decreto 247/95.

### Ciclos formativos:

- No 63,2% dos ciclos imparte-se menos da metade dos módulos en galego.

- Impón-se un cambio rotundo na política lingüística deseñada pola Dirección Xeral de Política Lingüística, que conleve, como mínimo, o cumprimento en todos os centros da lexislación de mínimos establecidos para a normalización lingüística no ensino, é dicir, o estrito cumprimento do Decreto 247/95 para o curso 2001/2002.

- Como consecuencia do estudo elaborado no curso 1998-99, a propia Consellaría non tivo máis remedio que asumir o fracaso da súa política lingüística, despois de que os propios centros recoñecesen o incumprimento dos mínimos establecidos. É preocupante que, desde aquela, a Consellaría non emprendera nengunha medida para emendar a súa política lingüística no ensino. O incumprimento deste Decreto, que é de mínimos, pois nen sequer lle dá o mesmo trato á lingua propia de Galiza que ao español, amosa o total desleixo e desconsideración da Consellaría de Educación co noso idioma.

- Os datos deste estudo veñen corroborar o total fracaso da política lingüística da Xunta. A escola segue a ser unha institución altamente españolizadora. Do cuestionario conclúese que o alumnado chega á escola falando en galego en maior medida que o fai durante a súa estadia escolar e xa non digamos ao abandonar o sistema educativo.
- Despois de máis de 5 anos da publicación de dito Decreto e de máis de 18 da Lei de Normalización Lingüística, o ensino continua a ser maioritariamente en español. Este estudo vén confirmar, máis unha vez, como todo o entramado administrativo da Consellería de Educación, desde o propio Sr. Conselleiro pasando pola Dirección Xeral de Política Lingüística, até a propia Inspección, están empeñados en que a normalización lingüística no ensino, en lugar de avanzar, retroceda. Os datos veñen avalar esta afirmación, pois amosan un maior incumprimento do Decreto 247/95 a respecto do estudo elaborado pola Consellería hai dous cursos.
- Mención especial merece a conducta da Inspección Educativa que, a pesar de ter o mandato, segundo o artigo 11 do Decreto 247/95, de velar polo cumprimento do mesmo, é cómplice e permisiva, ás veces mesmamente promotora desta situación. Permitiría a Consellería e a Inspección pasar por alto o incumprimento sistemático doutras obrigas educativas por parte dos centros?
- Canto máis urbano é o centro, máis se incumpre o Decreto, cando o esforzo neste ámbito tería que ser aínda maior para que o galego recuperase os usos que lle corresponden como lingua oficial de Galiza.
- O cumprimento do Decreto é maior nos niveis educativos onde están establecidas as materias concretas que se teñen que impartir no noso idioma e menor naqueles nos que o número de materias que se deben impartir en galego é maior.
- Se preocupante e desolador é o incumprimento maioritario nos centros públicos da normativa de mínimos para a normalización lingüística, moito maior é, sen lugar a dúbidas, no ensino privado. Non contamos con datos destes centros, por ser-nos imposible acceder a eles. Pero é patente e óbvio que a impartición das aulas en lingua galega é insignificante. Moito menor que nos centros públicos. A Consellería nunca facilitou datos, por non atrever-se a confirmar o total incumprimento da actual lexislación.
- É lamentábel que teñamos que ser nós quen asumamos desempeñar as funcións que lle corresponden e está obrigada a realizar a administración educativa. O idioma para esta administración non conleva nengunha obriga.

## MEDIDAS URXENTES PARA A NORMALIZACIÓN LÍNGÜÍSTICA NOS CENTROS

No camiño de invertir a actual situación, **é urxente tomar as seguintes medidas:**

- Negociar un plano de normalización do galego no ensino, orientado a conseguir a plena normalización do noso idioma neste eido. De maneira inmediata debemos exixir o cumprimento estrito do Decreto 247/1995, concretando as materias de obrigada impartición en lingua galega naqueles niveis nos que non están fixadas ou están incompletas:

### **Infantil:**

Este nivel educativo impartirase totalmente en galego cando a lingua ambiental, familiar e/ou do entorno do centro do alunado sexa maioritariamente o galego.

Cando a lingua ambiental, familiar e do entorno do centro do alunado sexa o español, o galego terá, como mínimo, unha presenza de 10 horas semanais, con diferente profesor/a.

### **Primaria:**

Impartirase en galego, como mínimo, Coñecemento do Medio Natural e Social, Matemáticas e outra área a determinar.

### **ESO:**

Ademais das establecidas (Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais) deberían impartirse en galego Matemáticas, Tecnoloxía e todas as optativas.

### **Bacharelato:**

Todas as optativas e unha materia propia da modalidade máis por curso das que están establecidas. É dicir: 2 propias da súa modalidade, 1 comun e todas as optativas.

### **FP:**

Como mínimo, o 50% dos módulos dos ciclos formativos e mais FOL.



### **Formación do profesorado**

Estabelecimento de planos plurianuais de formación para o conxunto do profesorado co obxectivo de acadar a plena normalización, que contemplan como mínimo:

- Formación en galego para mellorar a capacitación do profesorado mediante formación específica en cada unha das materias do currículo. Os cursos por áreas e específicos realizarán-se por centros e comarcas, parcialmente no horario lectivo.
- Programas de formación que estendan o coñecemento da nosa cultura, sociedade, historia, sociolingüística, economía, etc., para todo o profesorado.

### **Aceso e mobilidade**

- En todos os procesos selectivos e de acceso á función pública, o profesorado estará obrigado, como mínimo, a realizar unha das probas en lingua galega, na que terá que mostrar competencia oral e escrita.
- Paulatinamente, nun prazo non superior a 5 anos, todas as áreas terán perfil lingüístico de impartición en lingua galega.
- No próximo concurso de traslados, todas as áreas de obrigatoria impartición en lingua galega, sairán a concurso co perfil de impartición en galego.

### **Médios e recursos didácticos**

- Dotación aos centros de materiais complementarios, produción videográfica, audiovisual, informática, documental, científica e de carácter comercial, gravacións, etc.
- Fornecer as bibliotecas de libros en galego. Publicación de libros de texto e de materiais en galego para todas as materias e de material didáctico en galego, aplicábel nas diferentes áreas
- Axudas para a creación de material didáctico en galego.

**Criación dunha Inspección de normalización**, suficientemente dotada tanto no aspecto lexislativo como no dos medios, que teña por principal fin a vixilancia do cumprimento do conxunto normativo, así como o apoio e asesoramento para cantas iniciativas de galeguización e normalización poda haber.

**Extensión das Equipas de Normalización Lingüística (ENL) a todos os centros públicos e privados** e apoio técnico para realizar as súas funcións con maiores dotacións económicas e materiais.

Santiago, xuño de 2001

## MATÉRIAS QUE, SEGUNDO O DECRETO 247/95, SE TEÑEN QUE IMPARTIR OBRIGATORIAMENTE EN GALEGO

NÍVEL	ÁREAS
<b>Educación Infantil</b> 1º ciclo Primária	- Utilizará-se a lingua materna predominante entre o alunado.
2º ciclo Primária 3º ciclo Primária	-Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural. -Outra área.
<b>Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.)</b>	-Ciencias Sociais, Xeografía e Historia -Ciencias da Natureza -Ciencias Medioambientais e da Saúde -A optativa ofertada polo centro
<b>1º curso Bacharelato</b>	-Filosofía (común) -Bioloxía e Xeoloxía (Bacharelato de Ciencias da Natureza e da Saúde) -Tecnoloxía Industrial I (Bach. Tecnolóxico) -Historia do Mundo Contemporáneo (Bach. de Humanidades e Ciencias Sociais) -Debuxo Técnico (Bach. de Artes)
<b>2º curso Bacharelato</b>	-Historia (común) -Ciencias da Terra e do Medio ambiente e Debuxo Técnico (B. Ciencias da Natureza). -Tecnoloxía Industrial II e Debuxo Técnico (Bach. Tecnolóxico). -Xeografía, Historia da Arte, Historia da Filosofía (Bach. de Humanidades e Ciencias Sociais) -Historia da Arte (Bach. de Artes)
<b>Bacharelato (optativas)</b>	-Ética e Filosofía do Dereito (1º curso) -Introducción ás Ciencias Políticas e Socioloxía; Historia e Xeografía de Galicia (2º curso)
<b>Curso de Orientación Universitaria (COU)</b>	Dúas materias entre: Filosofía, Matemáticas, Física, Historia do Mundo Contemporáneo
<b>Formación profesional de segundo grao (FP2)</b>	Dúas materias entre: Formación Humanística, Tecnoloxía; Prácticas, Matemáticas
<b>Formación profesional específica de grao medio e superior (Ciclos Formativos)</b>	Áreas de coñecemento teórico-práctico que faciliten a integración socio-laboral do alumnado